

CTRLUGO

Congreso sobre as tecnoloxías e
recursos para a xestión e socialización
do patrimonio

11 A 13 DE MAIO



Concello de Lugo
Concellería de Cultura, Turismo,
Xuventude e Promoción da Lingua

2018 
EUROPEAN YEAR
OF CULTURAL
HERITAGE
#EuropeForCulture

INTRODUCCIÓN. CTRLuGo

A cultura humanística está composta por un conxunto de saberes necesarios para o desenvolvemento da comunidade. Unhas guías, uns marcos conceptuais sobre os que chegar a conclusións necesarias para o futuro, pero que teñen un fondo asentamento no pasado.

Éstes compoñen un inxente mar de conceptos que precisan de metodoloxías que permitan o seu acceso e a súa recuperación.

CTRL+G é a unidade mínima que representa estas metodoloxías. É o código tecnolóxico máis simple co que podemos enfrontar a necesaria protección e custodia dos saberes.

CTRL+G (gardar) funciona igual nun procesador de textos, nos procesos de programación, no *webmapping*, na programación web ou na dixitalización de documentos.

CANDO E ONDE?

11, 12 e 13 de Maio no Vello Cárcere de Lugo como sede principal e con outros espazos da cidade, como son a Muralla, a Facultade de Humanidades ou o café cultural Ho Gruf, como sedes secundarias.

PARA QUÉ?

CTRL u G o nace para producir unha reflexión sobre as novas tecnoloxías como ferramenta para as humanidades servindo como acta das transformacións do sector a nivel local, nacional e internacional. Unha reflexión de como as tecnoloxías poden permitir o acceso ao patrimonio de todo un País, con un só *click*, como o espolio de xacementos arqueolóxicos poden acabar financiando o terrorismo internacional.

PARA QUEN?

CTRL u G o é un Congreso gratuito pensado para profesionais, para estudantes e para todas aquelas persoas que teñan interese polo patrimonio cultural. Como encontro profesional e científico, a través do apoio da Facultade de Humanidades – Campus Terra, a asistencia ás tres xornadas do programa permiten a obtención dun crédito ECTS.

Tamén, serve como formación en tecnoloxías a para docentes. A primeira xornada, enmarcada no programa de apadriñamento de patrimonio, **Lugo É Mundial**, estará orientada ás TIC's na educación do patrimonio. Está xornada ten a homologación como formación para docentes pola consellería de Educación.

QUEN?

CTRL u G o é un Congreso organizado pola Concello de Lugo, a través da súa concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, e conta co apoio técnico da facultade de Humanidades de Lugo e de EIDOSD.

ARQUITECTURA DO CONGRESO

Para dinamizar e facilitar a participación, este congreso busca varios formatos de presentación de propostas, que consolidan un novo tipo de encontro, ao inserir ademais, dinámicas de reunión e diálogo de diferentes sectores dentro da xestión tecnolóxica do patrimonio cultural.

- Sesións de presentación de metodoloxías e reflexións teóricas: profesionais de ampla traxectoria e prestixio no mundo das humanidades dixitais, da economía colaborativa e dos novos xeitos de tratamento da información.

- Debate-a-3: mesas de debate conformadas por profesionais con perfís complementarios e destes cos asistentes. Debates na pescuda de novos xeitos e ferramentas de achegamento ao patrimonio.

- Obradoiros: mesas de traballo prácticas nas que se produza o achegamento do público asistente aos conceptos, ás técnicas e aos contido expostos nas sesións e nos debates previos.

- Talleres-Intervencións directas, accións co patrimonio e a sociedade lucense.

- #Lugografías: sesión específica sobre profesionais da propia cidade. Un repaso ao estado da cuestión do patrimonio cultural, literario, gastronómico, arqueolóxico etc.

-Barferencias: A modo de Pechakucha en establecementos de hostalería, queremos homenaxear a taberna galega como centro de transmisión dos coñecementos en patrimonio, dende as tertulias literarias ate as peñas, etc.

CTRL_u_G_o		
VENRES		
RECEPCIÓN DE PARTICIPANTES INAUGURACIÓN		
SESIÓN PRÁCTICA. Facultade de Humanidades de Lugo	10:30-13:30 Obradoiro: certificacións sociais do patrimonio. Novos modelos de protección e apropiación simbólica. Árbore Arqueoloxía	
SESIÓN DIDÁCTICA Vello Cárcere de Lugo	Ponencia marco inaugural:	16:00-17:00 Ponencia inaugural
	Workshop práctico: Patrimonio cultural, tecnoloxía e aula.	17:00-19:00 Práctica tecnolóxica na educación. As novas posibilidades das TIC para a transmisión do patrimonio na Aula. <i>Miguel Pan Fidalgo. Unix System Administrator en Amtega (Xunta de Galicia) e docente IES A Cañiza.</i>
	Mesa redonda: Patrimonio cultural, tecnoloxía e aula.	19:00-20:00 "Applícame o conto". <i>Martiño Ramos. Profesor do CPI. Virxe da Saleta (Cea).</i> "Cóntame e Cántame Avoa". <i>Xico Paradelo. Profesor do CPI. Virxe da Saleta (Cea).</i>
	Debate	20:00-20:30 Diálogo poñentes-público
TU QUOQUE FILI MI Ho Gruf	21:30-22:00 "Cavewoman". <i>Beatriz Comendador, membro do Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe da UVigo e profesora de arqueoloxía na Facultade de Historia de Ourense.</i> 22:00-22:30 "TU QUOQUE FILI MI": <i>raid</i> de proxectos patrimoniais. Lugo Patrimonio, Mariña Patrimonio, ADEGA, Entroido Ribeirao de Chantada, Colexio Oficial de Arqueólogos de Galicia.	
SÁBADO		
SESIÓN CONTIDOS DIXITAIS Vello Cárcere de Lugo	Do traballo en rede ao traballo na Rede.	9:30-10:30 Patrimonio en Rede. <i>Sabah Wallid. Directora do "Congreso Internacional de Socialización del Patrimonio en Áreas Rurales (SOPA)".</i>
		10:30-11:30 "Outros soportes para o patrimonio son posibles". <i>Juanjo Pulido. Director de Cinetinere.</i>
		11:30-11:50: Descanso
		11:50-13:40 Crosscult: wherethehistorymeets IT. <i>Martín López Nores. Escola de Enxeñeiros en Telecomunicacións da Universidade de Vigo.</i> O Portal de Archivos Españoles PARES 2.0: que ofrecemos; cara onde imos. <i>Alfonso Sánchez Mairena. Xefe de relacións institucionais. Subdirección General de Archivos. MECD.</i> Capitán Gardador. Un proxecto de didáctica na rede. <i>Pablo Sánchez Ferro. Director do AHPOU.</i>
		13:40-12:00 Diálogo poñentes-público

SESIÓN CONTIDOS DIXITAIS Vello Cárcere de Lugo	Do traballo en rede ao traballo na Rede.	16:00-17:00 PRESENTACIÓN DE TRAZERS.COM . Trazers.com é unha rede social galega, de difusión internacional e con miles de usuarios. Unha visita á muralla mantida por un guía. Aproveitarase a visita para inserir os elementos patrimoniais de Lugo dentro dos perfís principais da Rede Social.
	Ponencia marco: Do traballo en rede ao traballo na Rede.	17:00-18:00 “Verdade en tempos de guerra dixital”. <i>Víctor Sampedro</i> . Catedrático de Opinión Pública e Comunicación Política (URJC, Madrid).
	Ponencia marco: Do traballo en rede ao traballo na Rede.	18:00-19:00 Arquivos e propiedade intelectual na era dixital. <i>Javier de La Cueva</i> . <i>Avogado especialista en sociedade do coñecemento</i> .
	Ponencia marco: Do traballo en rede ao traballo na Rede.	19:00-20:00 Brigada de Patrimonio Histórico. Representante da Comisaría General de la Policía Judicial.
	Debate	20:00-20:30 <i>Diálogo poñentes-público</i>
DOMINGO		
LUGO GRAFÍAS Vello Cárcere de Lugo	Ponencia marco: todos os Lugos posibles.	10:00-11:00 O patrimonio cultural da cidade de Lugo. Ana Goy Diz. Membro da Real Academia de Belas Arte. Catedrática da Facultade de Humanidades de Lugo.
	Ponencia marco: todos os Lugos posibles.	11:00-11:30 Metodoloxía de rexistro arqueolóxico en Lugo. (Unha experiencia sobre o terreo). <i>Roberto Bartolomé Abraira</i> .
	Ponencia marco: todos os Lugos posibles.	12:00-13:00 <i>Arquivos e Documentos de Lugo: O Patrimonio Documental e o Futuro</i> . M ^a Dolores Pereira Oliveira, directora do <i>Arquivo Histórico Provincial de Lugo e Olimpia López Rodríguez</i> , xefa de sección do Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Lugo.
	Ponencia marco: todos os Lugos posibles.	13:00-14:00 Marca cidade e patrimonio gastronómico. <i>Jordi Tresserras</i> . <i>Universitat de Barcelona</i> .
SESIÓN PRÁCTICA Vello Cárcere de Lugo	Mesa de traballo	16:00-20:30 Crowdfunding: financiamento para proxectos de patrimonio cultural. <i>ithcrowdfunding</i> .

POÑENTES DESTACADOS



Jordi Tresserras Juan é profesor da Universidade de Barcelona, no eido do turismo cultural. Foi profesor visitante na Universidade de Nova York e conferenciante en varios países do Mediterráneo, Iberoamérica e China. Responsable do grupo de investigación da rede europea de turismo cultural (ECTN). Membro do Consello de Administración da Rede UNITWIN da Cátedra UNESCO "Turismo, Cultura, Desenvolvemento" da Universidade Paris 1-Sorbonne.



Javier de la Cueva é licenciado en Dereito pola Universidade Complutense. Está especializado en propiedade intelectual. Tamén é figura destacada na defensa da cultura libre, sendo o avogado que obtivo a primeira sentenza global na que se fai referencia ao termo *copyleft*. Entre seus casos destaca a exitosa defensa de Pablo Soto creador de software de intercambio P2P.




Alfonso Sánchez Mairena pertence ao Corpo Facultativo de Arqueiros, Bibliotecarios e Arqueólogos dende o ano 2002. Dentro da Subdirección General de Archivos del MECD ocupa o posto de Xefe de Relacións Institucionais.



Sabah Walid é directora do principal Congreso sobre divulgación do patrimonio no eido iberoamericano -congreso SOPA-.


Educar no común, contactar, facilitar o acceso e transmisión ao patrimonio nas áreas rurais, promover unha verdadeira democracia cultural, son os obxectivos da súa acción profesional.

Traballa no sentimento colectivo, con persoas que queren participar coa comunidade, que desexan cambiar as formas de relacionarse coa nosa cultura. Emancipar o coñecemento a través da expansión do coñecemento e a co-creación de contidos e metodoloxías.



A Brigada de Investigación de Patrimonio Histórico creouse en 1977, como un pequeno grupo policial, para afrontar os problemas de espolio do patrimonio artístico nacional.

Deste xeito naceu a Brigada Central de Investigación Criminal, como un grupo que foi crecendo ata ser a actual Brigada de Investigación de Patrimonio Histórico. Grupo pertencente ao *Cuerpo Nacional de Policía* e responsable, entre outras investigación, da recuperación do Códice Calixtino.



TRAZERS.COM é considerado o “Facebook da cultura”. Conta con difusión internacional e con miles de usuarios.

Os responsables presentarán o proxecto, como punto de partida para unha visita á muralla mantida por un guía. Aproveitarase a visita para inserir os elementos patrimoniais de Lugo dentro dos perfís principais da Rede Social.



Catedrática de Historia da Arte na Facultade de Humanidades de Lugo, membro da Real Academia de Belas Artes.

Unha referencia indispensable cando se fala de patrimonio cultural de Galicia.



Víctor Sampedro é catedrático de Opinión Pública e Comunicación Política na URJC e tamén activista na Tabacalera de Lavapiés e no colectivo Própolis.

Mais información:

Responsable de comunicación do evento: Óscar Penín

655 96 03 42

oscarpenin@gmail.com

www.lugoemundial.com/ctrlugo

@CTRLugo

[Facebook.com/CTRLugo](https://www.facebook.com/CTRLugo)